

Información básica para música

3º ESO

Concreción dos obxectivos didácticos

Os obxectivos propostos nesta programación para o 3º curso da ESO, que van contribuír á consecución dos obxectivos xerais de etapa son os seguintes:

- Utilizar os recursos necesarios para a comprensión e valoración da música que se escoita.
- Coñecer os elementos que interveñen na construción dunha obra musical.
- Identificar os elementos da música segundo a audición e a análise de obras determinadas.
- Ser capaces de clasificar e discriminar auditivamente os diferentes tipos de voces e instrumentos.
- Analizar e apreciar criticamente as obras vocais e instrumentais de distintos estilos.
- Amosar interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.
- Valorar a audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.
- Coñecer as características da voz e da palabra como medios de expresión musical.
- Coñecer as agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas.
- Interpretar pezas vocais e instrumentais musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
- Coñecer as grafías e outras formas de notación musical, convencionais e non convencionais.
- Valorar a relaxación, respiración, resonancia... como elementos fundamentais no ámbito da interpretación.
- Aceptar e cumprir as normas que rexen a interpretación en grupo.

- Utilizar a improvisación como proceso básico de creación musical.
- Compoñer cancións e pezas partindo de diferentes elementos musicais.
- Utilizar as tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
- Recoñecer as manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- Utilizar o corpo para expresarse segundo diferentes estilos musicais propostos.
- Utilizar diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores, concertos...
- Coñecer as diferentes épocas da Historia da Música e as características máis significativas de cada unha delas.

Contidos mínimos esixibles:

- Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica.
- Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación, tanto vocal como instrumental (individual ou colectiva).
- Intervalos.
- A dinámica: indicacións progresivas e non progresivas da intensidade do son. A agónica e formas de indicala: o metrónomo e os aires.
- Os acordes tríade e cuatríade e as súas inversións.
- Compases de subdivisión binaria e ternaria.
- Os signos de repetición: os dous puntos, a chamada, a 1º e 2ª vez, o da capo...
- Tipos de danzas: históricas, folclóricas, de salón, baile moderno...
- As manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- Pluralidade e estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
- A música noutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
- Actitude crítica ante a programación da música nos medios de comunicación.
- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

Procedementos:

- Manexa adecuadamente a información.
- Investiga e localiza os datos correctamente.
- Ten capacidade de análise-síntese.
- Utiliza con corrección o vocabulario básico da área.
- Memoriza a información básica.
- Ten sentido crítico e independencia de xuízo.
- Usa con corrección as técnicas instrumentais.
- Representación gráfica.
- Situación espacio-temporal.
- Ten oído musical.
- Ten sentido do ritmo.
- Destreza no manexo dos instrumentos musicais.
- Práctica de relaxación.
- Exprésase oralmente e por escrito con fluidez e corrección.
- Curiosidade e creatividade.
- Improvisa: melodías, ritmos, instrumentación.
- Investiga sobre a orixe das obras musicais e os seus autores.
- Coida a presentación dos traballos.
- É ordenado.
- É limpo.
- Segue un esquema de traballo.
- Acaba os seus deberes.
- Utiliza bibliografía e sabe seleccionar os libros máis convenientes para o seu traballo.
- Traballa segundo dos requisitos establecidos para un traballo cooperativo.

Instrumentos de avaliación

Para avaliar teranse en conta os seguintes **medios**:

1. **Observación persoal.** (Terase unha ficha para cada alumno cos contidos de avaliación, irase cumprimentando o longo de todo o proceso de enseñanza-aprendizaxe).
2. **Probas:** orais, escritas, de interpretación e de improvisación.
3. **Valoración dos traballos** da clase e de investigación, tanto bibliográfica como de campo (bibliotecas, hemerotecas, folclore autóctono, arquivos, etc.).
4. **Autoevaluación:** realizarase por medio dun cuestionario preparado polo profesor.

Dado que a avaliación é un proceso complexo o desglosaremos nas seguintes categorías:

A **avaliación inicial** permitirá ao profesor coñecer a situación da que parte o alumno: os seus coñecementos previos os seus pre-concepcións, etc. Tamén permite ao alumno/a familiarizarse cos problemas e termos que se van a traballar: sitúalle ante problemas novos, orienta as súas reflexións, familiarízalle cunha nova linguaxe.

Esta avaliación inicial deberá realizarse ao comezo do curso , dun modo máis exhaustivo, e ao comezo de cada nova Unidade didáctica optarase por unha indagación oral.

A **avaliación formativa**, ou a función formativa da avaliación, acompañará a todo o proceso de aprendizaxe.

Para levar a cabo tal tipo de avaliación pódense empregar multitude de procedementos: desde os máis clásicos exames periódicos, ata a observación da actitude de cada alumno, do seu interese polas cuestións traballadas, a autoevaluación por parte dos propios alumnos de traballos propostos, incitar aos alumnos a reflexionar sobre o que aprenderon e sobre a racionalidade ou pertinencia das súas propias pre-concepcións, etc.

Finalmente a **avaliación sumativa**, debe permitir avaliar en que medida conseguíronse os obxectivos propostos, e debe permitir a reflexión sobre a adecuación dos métodos de obtención deses obxectivos, ou sobre a pertinencia dos obxectivos mesmos.

A avaliación sumativa levará a cabo ao finalizar unha determinada fase de aprendizaxe, unidade didáctica, bloque temático, nivel, etc.

Criterios de cualificación

En 3º da ESO a nota final de cada avaliación, así como a avaliación final será o reflexo da parte teórica , práctica e actitudes que se valorarán da seguinte forma:

Teoría: un 60 % da nota final.

Práctica: un 30% da nota final. **(a práctica divídese en dúas partes: instrumental 20% da nota e lectura musical 10% da nota final, en caso de non facer lectura musical a porcentaxe pasarase á proba da práctica instrumental).**

Actitudes (traballo diario na clase, deberes sen facer, comportamento): un 10% da nota final.

Farase dous exames teóricos por avaliación, con dez preguntas cada un, **a nota de cada exame teórico debe ser como mínimo un 3 para facer media, por debaixo desta nota non se fará media.**